

## **Sobre o pregón do ano 1975**

O Mantenedor do primeiro Certame Literario do Excmo. Concello de Vilalba foi o xurista lucense ENRIQUE SANTÍN DÍAZ, que desde o seu cargo de Delegado Provincial de Información y Turismo en Lugo a comezos dos anos sesenta do pasado século, tiña prestado un especial apoio ao "Certamen Literario de la Tierra Llana", tamén impulsado polo Concello vilalbés.

O que na actualidade é fundador e Presidente de Honra da Asociación de Empresarios Gallegos en Madrid, da Federación de Asociaciones de Empresarios Gallegos en el exterior e da Asociación cultural da Vieira, Premio Galeguidade no mundo, Gallego del mes e Lucense del año, con numerosas publicacións e condecoracións, xa tiña publicado daquela "El secreto de Galicia" ou –en colaboración con Xesús Alonso Montero- a recopilación senlleira "Textos literarios sobre Lugo y su provincia".

Na súa intervención no salón de actos do Instituto vilalbés, destacou a canteira de grandes escritores, literatos e poetas da Terra Chá, calificando neste acto a Vilalba como "A Atenas galega".